

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA II

PAU 2026

CONTIDOS, ORIENTACIÓNS E CRITERIOS DE CORRECCIÓN

RESUMO/ESQUEMA, COMENTARIO E PREGUNTAS DE REFLEXIÓN LINGÜÍSTICA

É **perentorio e urxente** traballar a expresión escrita do estudantado, traballar a súa riqueza léxica, o emprego de rexistros, a construción sintáctica, o réxime verbal e as preposicións, etc. Parece moi necesario realizar todos os exercicios (de norma e uso, de lectura comprensiva, de escritura creativa, etc.) que considereades que melloren a competencia escrita e lectora das nosas e nosos estudantes.

É moi necesario que o alumnado traballe os comentarios e os resumos. Que aprenda a ler comprensivamente os textos, que consiga sintetizar as ideas fundamentais e aprenda a comentalas sen repetir o texto limitándose a dicir que está de acordo co defendido polo autor/a. Sabemos que o temario da materia é extenso e que hai moitos aspectos que traballar e poucas horas de clase, pero non debemos perder de vista que a comprensión lectora e a expresión escrita son a base da materia (e do propio exame).

Sobre o resumo e o esquema

O propósito é ou ben que o alumnado demostre a súa capacidade de síntese producindo un novo texto que reduza a información contida no fragmento sen afectar ao contido global (resumo) ou ben, se o prefire, que demostre a súa capacidade de análise extraendo e xerarquizando as ideas principais (esquema).

A extensión aproximada do resumo será unha cuarta parte da do texto orixinal, entre seis e dez liñas.

Sobre o comentario

A meta é comprobar se o alumnado comprende o contido do texto, e se é quen de expresar a confrontación das súas propias ideas coas defendidas no texto e de extraer conclusións razoadas desta confrontación.

Repetimos aquí as orientacións sobre o comentario dirixidas ao alumnado, xa indicadas en cursos anteriores:

1. Deberás tratar de convencer con argumentos e contra argumentos.
2. Deberás organizar o teu texto debidamente; podes estruturalo en partes (sen indicalas como, por exemplo, tese, argumentación e conclusión).
3. Deberás manexar os recursos lingüísticos axeitados: verbos de pensamento, de dúbida, adverbios e conectores que faciliten a exposición de argumentos, fórmulas que impliquen ao receptor, etc.
4. Valoraremos a corrección e a adecuación da linguaxe ao que se solicita, preferindo sempre a sinxeleza aos tópicos e ás fórmulas de recheo.
5. Deberías ser quen de detectar os criterios nos que se basea o autor para defender o que di.
6. Deberías ser capaz de engadir exemplos que ilustren os teus argumentos ou contra argumentos e de chegar a conclusións, aínda que sexan provisionais.
7. Non se trata de realizar unha análise formal do texto, aínda que poderás referirte a algún trazo formal se estimas que contribúe a reforzar a túa argumentación.
8. Penalizaremos o feito de repetires o texto, que digas obviedades, que empregues frases ocas ou insubstanciais, rexistros coloquiais ou que cometas erros de expresión ou ortográficos. Insistimos en que non preguntamos por tipoloxía textual nin por trazos formais do texto. Trátase de comentar criticamente o contido. Non se recomenda repetir datos externos que figuran no propio texto (“el texto fue escrito por tal autora o autor y publicado en tal fecha en tal periódico...”).

9. A extensión aproximada do comentario será semellante á do texto comentado, entre trinta e corenta liñas.

Sobre as preguntas de lingua

Continuaremos con preguntas de identificación de unidades, de creación de pequenos textos e de corrección e explicación de erros.

As preguntas, como en cursos anteriores, estarán relacionadas cos seguintes contidos:

1. Coñecemento das posibilidades de creación de palabras e enriquecemento do léxico mediante a composición, derivación, parasíntese e acronimia.
2. Identificación e uso das diferentes clases de palabras.
3. Identificación e emprego axeitado das diferentes formas verbais e das diferentes formas de perífrases verbais.
4. Identificación e emprego das diferentes clases de sintagmas ou frases, dos seus constituíntes e das diferentes funcións que poidan exercer nas cláusulas ou oracións.
5. Identificación e uso das diferentes funcións primarias de cláusula ou oración (suxeito, predicado, etc.).
6. Identificación e uso das diferentes relacións existentes entre estruturas sintácticas.
7. Coñecemento das diferentes relacións léxico-semánticas das palabras (sinonimia, antonimia, hiperonimia, campo léxico e campo semántico, mediante a identificación nun texto ou o emprego de sinónimos, antónimos, etc.).
8. Detección de erros ou de estruturas agramaticais en pequenos textos facilitados.

Insístese no seguinte:

1. NON se pedirá unha análise sintáctica formal.
2. NON se pedirá análise morfolóxica de palabras, pero poderá pedirse identificación de elementos.
3. Poderase preguntar por algúns dos elementos que contribúen a dotar de cohesión e coherencia a un texto, como antecedentes de relativos, referentes textuais de pronomes, valores anafóricos e catafóricos dalgún elemento, etc., pero non se pedirá unha análise dos mecanismos de cohesión dun texto determinado (aínda que se valorará o seu uso no comentario de texto).
4. As preguntas NON serán teóricas; non se tratará de reproducir teoría gramatical ou trazos das variedades aprendidos memoristicamente, senón, como dicimos, de identificar ou empregar unidades lingüísticas.

PREGUNTAS DE LITERATURA

Sobre a obra lida

As obras de lectura obrigatoria son as mesmas que o curso pasado:

La Fundación, de Antonio Buero Vallejo
Crónica de una muerte anunciada, de Gabriel García Márquez
Romancero gitano, de Federico García Lorca
El lector de Julio Verne, de Almudena Grandes

Trátase de que a alumna ou alumno responda unha pregunta sobre un fragmento dunha das obras (que estará identificado); esta pregunta versará sobre algúns dos aspectos principais da obra, que se indican a seguir:

Sobre *Romancero gitano*:

1. Temas.
2. Estrutura externa e interna.
3. Compoñentes simbólicos e míticos.

4. Trazos formais: entre tradición e innovación.

Sobre *El lector de Julio Verne*:

1. Temas da novela.
2. Análise de personaxes.
3. Tempo e espazo.
4. Estrutura e punto de vista narrativo.

Sobre *La Fundación*:

1. Técnicas e recursos dramáticos.
2. Análise de personaxes.
3. Argumento e temas fundamentais.
4. Lugar, tempo e acción.

Sobre *Crónica de una muerte anunciada*:

1. A técnica do realismo máxico.
2. Temas: o honor, o amor e o *fatum*.
3. O perspectivismo como técnica narrativa.
4. Análise de personaxes.

Insistimos en que os fragmentos seleccionados serán sempre moi significativos. Non se pretende sorprender ao alumnado, senón potenciar a lectura reflexiva das obras.

O alumnado deberá responder a pregunta sobre o fragmento, que localizará na estrutura interna (que aconteceu antes e que despois do fragmento) ou externa (capítulo, título, cadro ou romance) da obra. A resposta non deberá iniciarse de modo abrupto, senón incluír unha pequena introdución.

No actual modelo de exame, tal como se desprende da redacción das preguntas, parcialmente diferente á dos cursos anteriores, preténdese que o alumnado comente unicamente os aspectos do texto que se solicitan. A idea é, por un lado, dar mais importancia ao comentario do fragmento proposto e menos ao desenvolvemento de temas previamente memorizados e, por outro lado, reducir a extensión das respostas, que deben limitarse ao que se poida observar no texto proposto. Tendo en conta a nova formulación da pregunta, as alusións ao texto, e os comentarios e explicacións sobre este valerán ata 1 punto, en lugar de 0,5 como ata agora.

Sobre a historia da literatura

O temario de historia da literatura segue sendo practicamente o mesmo do curso pasado:

1. Realismo e naturalismo. Características xerais. A narrativa realista: Galdós, Clarín e Pardo Bazán.
2. O modernismo. Características xerais a través da figura de Rubén Darío e Delmira Agustini.
3. A novela na xeración do 98: Baroja, Unamuno e Azorín.
4. As traxectorias poéticas de Antonio Machado e Juan Ramón Jiménez.
5. Evolución e características xerais da xeración do 27 a través dalgúns dos principais autores: Salinas, Lorca, Alberti e Cernuda¹.
6. O teatro español anterior á Guerra Civil: Lorca e Valle-Inclán.
7. A poesía española nas tres décadas posteriores á Guerra Civil: Miguel Hernández, Blas de Otero, Gil de Biedma e Gloria Fuertes.
8. A novela española nas tres décadas posteriores á Guerra Civil: Miguel Delibes, Camilo José Cela, Carmen Laforet e Luis Martín Santos.

¹ Non incluímos no tema ás escritoras do grupo *Las Sinsombrero*, xa que neste de exame as preguntas baséanse directamente nos fragmentos de texto que se propoñan, asociados a autores concretos. Recoméndase, con todo, que se trate o grupo na clase como parte da contextualización da xeración.

9. As figuras de Buero Vallejo e Alfonso Sastre no teatro español posterior á Guerra Civil².
10. A narrativa hispanoamericana da segunda metade do século XX. O boom da narrativa: Borges, Cortázar, García Márquez, Vargas Llosa.
11. A narrativa peninsular³ dende 1975 ata os nosos días. Principais tendencias. Almudena Grandes, Antonio Muñoz Molina, Eduardo Mendoza, Rosa Montero.

As preguntas que o alumnado deberá responder terán dúas partes. Por unha banda, haberá que explicar que características do fragmento proposto permiten atribuílo ao seu autor ou á súa época (por exemplo, que características ten o fragmento proposto de *Prosas profanas* que son propias de Rubén Darío ou que son propias do modernismo); por outra banda, haberá que desenvolver o tema en si, pero non tal como figura neste listado, senón só nun dos dous aspectos (ou ben a traxectoria poética de Rubén Darío e as características da súa obra ou ben as características xerais do modernismo). A idea, como no caso da pregunta de obra lida, é, por un lado, dar máis importancia ao comentario do fragmento proposto e menos ao desenvolvemento de temas previamente memorizados e, por outro lado, reducir a extensión das respostas. Igual que na pregunta de obra lida, tendo en conta a nova formulación, as alusións ao texto, e os comentarios e explicacións sobre este valerán ata 1 punto, en lugar de 0,5 como ata agora.

Pediranse, para a caracterización do texto, tres ou catro características, dependendo do fragmento concreto que se propoña.

Para a parte da pregunta que consiste no desenvolvemento do tema, o alumnado poderá decidir se prefire desenvolver a traxectoria do autor ou as características do movemento, independentemente de cal destas dúas perspectivas adoptase na caracterización do texto. No caso concreto de Rubén Darío tal vez non se poidan diferenciar moito as características da súa obra das do modernismo (para a primeira parte da pregunta), pero si que se pode diferenciar a súa traxectoria das características xerais do movemento (para a segunda parte). Na segunda parte da pregunta (o desenvolvemento do tema) relativa aos temas 4 e 9, necesariamente haberá que desenvolver a traxectoria do autor do que se trate, posto que no enunciado non se fai referencia a ningún movemento literario.

Por outra banda, aínda que, para facilitar a explicación, falamos aquí de primeira parte e segunda parte da pregunta, o alumnado pode, se o prefire, redactar un texto no que, ao tempo que explica o tema, vaia xustificando a caracterización do fragmento con alusións a este. Isto só será posible, claro, se a caracterización e o desenvolvemento do tema seguen a mesma liña.

Como nos cursos anteriores, os textos escollidos estarán entre os máis coñecidos dos seus autores e as obras ás que pertencen serán representativas de movementos xerais ou de períodos ben claros da obra dun autor, de modo que a resposta non dependerá de ter visto o texto previamente na clase ou non, senón de que se coñezan e saiban aplicar os contidos teóricos.

IMPORTANTE: Nas probas, non deben contarnos as vidas dos escritores. Entendemos que como práctica docente sexa necesario resaltar a peripecia vital do escritor, pero non deben incorporalas nas respostas. É frecuente ler nos exames a vida de Leonor, a diferenza de idade con relación a Machado, a súa enfermidade, etc., ou longas e reiteradas alusións ao carácter (mal carácter) de Pío Baroja, por exemplo. É preciso que os axudeades a distinguir o importante do anecdótico e a eliminar isto último das respostas de exame.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios de corrección (incluídos os referentes á corrección lingüística e ortográfica) manteranse como nos exames de xuño e xullo de 2025. Os criterios xerais, que figuran a

² Pola mesma razón citada na nota anterior, non incluímos no tema a parte de “A renovación do teatro”.

³ Con respecto ao termo *peninsular*, debemos aclarar que, atendendo aos contidos do currículo, neste contexto oponse a *hispanoamericano*. Non se trata, por tanto, dun termo empregado nun sentido estritamente xeográfico.

continuación, completaranse e concretaranse, como sempre, para cada exame, unha vez realizada a PAU.

Resumo e esquema (1 punto)

A través da lectura tanto do resumo como do esquema, quen non lese o texto debería poder saber de que trata e cales son as ideas principais. (0,5 puntos)

No resumo, ademais da presenza das ideas fundamentais do texto, deben valorarse outros aspectos importantes como os seguintes: (0,5 puntos)

- A obxectividade e ausencia de valoracións (3.^a persoa, uso de *se*, expresións do tipo «En el texto se analiza», «el autor critica»...).
- A presenza de marcadores ou organizadores textuais: «Además», «Por último...».
- Plasmar con expresión propia as ideas do texto (non copiar expresións literais do texto).
- A riqueza expresiva (sinónimos, substantivos abstractos, ausencia de palabras baúl...).
- Que se axuste á extensión adecuada.

No esquema valoraranse aspectos como os seguintes (0,5):

- Que se presenten as ideas ordenadas e xerarquizadas, incluíndo as principais e as secundarias.
- Que se empreguen esquemas nominais e non oracionais para cada un dos epígrafes.

Comentario (2,5 puntos)

A meta é comprobar se o alumnado comprende o contido do texto e se é quen de confrontar as súas propias ideas cas defendidas no texto e extraer conclusións razoadas desta confrontación.

Valoraranse, ademais, aspectos como os seguintes:

- Se o texto está debidamente estruturado en partes (sen indicalas): introdución, corpo argumentativo e conclusión. (0,5 puntos)
- Se a alumna ou alumno é quen de detectar os criterios nos que se basea o autor e argumentar razoadamente o seu acordo ou desacordo cas ideas defendidas no texto propoñendo conclusións, aínda que sexan provisionais, e/ou aportando medidas alternativas propias.(1 punto)
- Se demostra que sabe aportar exemplos orixinais ilustrativos, comparacións pertinentes, datos ou feitos adecuados... (0,5 puntos)
- Se manexa recursos lingüísticos adecuados: verbos de pensamento, de dúbida, marcadores e/ou conectores... (0,25 puntos)
- Se manifesta corrección, adecuación e riqueza expresiva/ortográfica (campos semánticos, sinónimos, substantivos abstractos, ausencia de palabras baúl, ausencia de fórmulas de recheo, obviedades ou tópicos...). (0,25 puntos)

Preguntas de reflexión lingüística (2,5 puntos)

Obterase a puntuación completa en cada pregunta por responder correctamente todos os ítems incluídos nela. Nos casos en que a pregunta inclúa cinco ítems ou máis, poderase obter o punto resolvendo correctamente o 80 % destes.

Nos casos en que a pregunta requira a creación de breves textos, resolver correctamente os ítems suporá un máximo de 1 punto; os 0,25 restantes sumaranse se o texto ten sentido e está correctamente construído.

Preguntas de obra lida (2 puntos)

Distribución orientativa da puntuación:

- Introducción da obra e localización do texto na estrutura interna ou externa: 0,5
- Referencias ao texto, citas e comentarios sobre este en relación cos aspectos da obra que se pregunten (1)
- Corrección teórica nos aspectos da obra que se pregunten (0,5)

- Poderase sumar ata 0,25 en función do nivel de expresión escrita: corrección, adecuación, riqueza léxica e gramatical, distribución en parágrafos, uso das convencións de citas...⁴

Preguntas de historia da literatura (2 puntos)

Distribución orientativa da puntuación:

- Xustificación da pertenza do texto ao autor ou ao movemento correspondente (1)
- Desenvolvemento da traxectoria do autor ou das características do movemento correspondente (1)
- Poderase sumar ata 0.25 en función do nivel de expresión escrita: corrección, adecuación, riqueza léxica e gramatical, distribución en parágrafos, uso das convencións de citas...

Corrección formal

Habrá de terse en conta a corrección formal e a destreza da alumna ou alumno no uso escrito da lingua. Así, descontarase da cualificación global obtida no exame ata un máximo de 2 puntos por erros ortográficos e por erros no uso do léxico (tanto por emprego inadecuado de termos como por interferencias doutras linguas).

Vigo, setembro de 2025

Rosa Pérez

Universidade de Vigo

Directora do Grupo de traballo de Lingua castelá e literatura

⁴ Debe quedar claro que en casos coma este, en que se considera a posibilidade de sumar puntuación “extra”, sempre se respectará a puntuación máxima da pregunta.